

Cuestionario Para o alumnado de 3º e 4º sobre as actividades de lingua inglesa e plástica durante a corentena.

Ola a todas e todos, espero que vos atopedes ben e levedes con ánimo este confinamento. Eu teño que dicirvos que estou desexando volver á escola, que boto de menos ata o ruído, pero sobre todo boto de menos o poder comunicarnos cara a cara. Como iso non é posible de momento, teremos que facer uso dos recursos ao noso alcance. Por iso vos pido que completedes o seguinte cuestionario se vos é posible e mo reenviedes ao correo ben descargándoo ou ben facéndolle unha foto. Así poderemos saber que grado de aceptación teñen para vós as actividades que estamos facendo ou se sería conveniente modificalas. Moitas grazas de antemán polas vosas respostas.

1-Sabedes como chegar as actividades de lingua inglesa e plástica na páxina web do cole?

2-Podedes ver os vídeos sen dificultade clicando en story corner ?

3-Se non dispós de ordenador necesitas que che envíe o enlace do vídeo a un móbil?

4-Gústanche os contos que vemos cada día?

5- Es capaz de entender a idea xeral do conto?

6- Es capaz de entender detalles particulares da historia que se conta?

7-Necesitas axuda para facer as actividades sobre o conto?

8-Parécenche moi difíciles, difíciles, fáciles ou moi fáciles as actividades?

9- Vas a “ficha” de respostas para comprobar como as fixeches?

10-Preguntaches algunha vez as palabras na casa ou usaches o dicionario?

11-Entraches algunha vez no link de xogos de agendaweb?

12- Gustáronche o tipo de xogos que hai alí?

13-Preferirías outro tipo de fichas de vocabulario ou gramática?

14- Entraches algunha vez no noso libro online?

15- Usaches o teu contrasinal ou o de “jeporfa/ claseterceiro”?

16-Escoitaches algunha vez as historias, cancións e fixeches os xogos?

17-Viches os vídeos de Toya?

18-Gustáronche as actividades de plástica?

19- Di o que cambiarías tanto nas propostas de inglés coma nas de plástica.

